

# MINISTERIO DE TRABAJO E ASUNTOS SOCIAIS

**21491** *REAL DECRETO 1251/2001, do 16 de novembro, polo que se regulan as prestacións económicas do sistema da Seguridade Social por maternidade e risco durante o embarazo.* («BOE» 276, do 17-11-2001.)

A Lei 39/1999, do 5 de novembro, para promover a conciliación da vida familiar e laboral das persoas traballadoras faculta o Goberno, na súa disposición derradeira primeira, para dictar as normas necesarias para o seu desenvolvemento e execución.

A tal finalidade responde este real decreto, mediante o cal se efectúa o desenvolvemento regulamentario parcial da citada disposición legal que, por unha parte, incide significativamente no subsidio por maternidade e, por outra, esixe a ordenación xurídica detallada da nova prestación de risco durante o embarazo.

Así mesmo, lévase a cabo a reordenación sistemática e a actualización do réxime xurídico do subsidio por maternidade, separándoo, ademais, definitivamente, no nivel regulamentario, do subsidio por incapacidade temporal, naqueles aspectos en que ambos subsidios mantiñan unha regulación común ó tempo que dispersa.

Entre outras cuestións, desenvólvese a posibilidade, certamente novidosa prevista na citada lei, de que o período de descanso por maternidade, adopción e acollemento, tanto preadoptivo como permanente, poida desfrutarse en réxime de xornada a tempo parcial, o cal determina a compatibilidade do subsidio cunha actividade laboral sen que se altere a modalidade contractual.

Con esta medida de flexibilización no desfrute do período de descanso preténdese potencia-la repartición das responsabilidades familiares entre nais e pais, a mellora no coidado dos fillos polos proxenitores, así como posibilitar que as mulleres manteñan vinculación co seu posto de traballo, de forma que a maternidade non sexa nunca un obstáculo para a súa promoción profesional.

Como consecuencia do novo réxime xurídico de suspensión do contrato de traballo por maternidade, establecido no parágrafo terceiro do número 4 do artigo 48 do Estatuto dos traballadores, engadido pola alínea b) do número 1 da disposición adicional oitava da Lei 12/2001, do 9 de xullo, de medidas urxentes de reforma do mercado de traballo para o incremento do emprego e a mellora da súa calidade, nos supostos específicos de nacemento de fillos prematuros ou que requiran hospitalización tralo parto, o real decreto establece tamén a posibilidade de desfrutar-lo subsidio por maternidade a partir da data da alta hospitalaria dos menores, unha vez transcorridas as seis semanas posteriores ó parto, de suspensión obrigatoria do contrato da nai.

Así mesmo, recóllense as distintas posibilidades que a lexislación ofrece para que o pai poida ser beneficiario dunha parte ou da totalidade do período de descanso, incluíndo a determinación do cálculo da prestación nestes supostos. Tamén, se desagregan as posibles causas de revogación da opción efectuada pola nai en favor do pai.

Por outra parte, detállanse os supostos en que interactúan as situacións de maternidade e incapacidade temporal e, finalmente, díctanse as normas básicas do procedemento para o recoñecemento do dereito ás prestacións económicas por maternidade.

En canto á nova prestación do risco durante o embarazo, o seu desenvolvemento regulamentario segue as

liñas básicas da Lei 39/1999, mantendo a sistemática e a estrutura tradicional no ordenamento xurídico das prestacións económicas da Seguridade Social. Deste modo, o réxime xurídico deste subsidio determínase partindo da regulación prevista na normativa vixente para as situacións de incapacidade temporal, coas necesarias particularidades de adaptación que incorpora este real decreto, regulándose con detalle o procedemento e actuacións precisas para o recoñecemento do dereito ó subsidio.

Por último, nas disposicións adicionais procédese ó desenvolvemento necesario dunha das figuras introducidas pola Lei 39/1999, en concreto, o desfrute do permiso de maternidade a tempo parcial e, ademais, lévase a cabo a adaptación de determinados preceptos dos textos regulamentarios, hoxe vixentes en materia laboral, de altas e baixas de traballadores e de cotización e recadación dos recursos do sistema da Seguridade Social. Con isto, o real decreto mantén o seu carácter de texto completo para as situacións protexidas a que se refire e, ó mesmo tempo, consolida o corpo normativo unitario xa existente nas materias aludidas, evitando innecesarias fragmentacións de disposicións.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Traballo e Asuntos Sociais, coa aprobación previa do ministro de Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 16 de novembro de 2001,

DISPONGO:

## CAPÍTULO I

### Disposicións xerais en materia de acción protectora

Artigo 1. *Ámbito de aplicación.*

1. As disposicións establecidas nos capítulos II e III deste real decreto serán de aplicación a tódolos réximes do sistema da Seguridade Social, sen máis particularidades que as que expresamente se indican.

2. As disposicións previstas no capítulo III deste real decreto serán de aplicación ás funcionarias incluídas no réxime xeral da Seguridade Social, ás que se conceda licenzia por risco durante o embarazo.

De igual modo, o previsto no citado capítulo III será de aplicación ó persoal estatutario sanitario que, en virtude das súas normas, lle sexa concedida unha licenzia ou situación similar por risco durante o embarazo.

3. Este real decreto será de aplicación supletoria nos réximes especiais da Seguridade Social de funcionarios civís do Estado, das Forzas Armadas e de funcionarios ó servizo da Administración de xustiza, en todo o que non se opoña ó preceptuado na normativa xeral, reguladora do réxime correspondente.

## CAPÍTULO II

### Subsidio por maternidade

Artigo 2. *Situacións protexidas.*

1. Para efectos da protección por maternidade, considéranse situacións protexidas a maternidade, a adopción e o acollemento familiar, tanto preadoptivo como permanente, durante os períodos de descanso que por tales situacións se desfruten, de acordo co previsto no número 4 do artigo 48 do Estatuto dos traballadores, no número 3 do artigo 30 da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de medidas para a reforma da función pública, e na disposición adicional primeira deste real decreto.

2. Consideraranse xuridicamente equiparables á adopción e acollemento preadoptivo ou permanente aquelas institucións xurídicas declaradas por resolucións xudiciais ou administrativas estranxeiras, que teñan como finalidade e efectos xurídicos os previstos para a adopción e acollemento preadoptivo ou permanente, calquera que sexa a súa denominación.

No caso de adopción ou acollemento familiar de persoas con discapacidade ou de quen polas súas circunstancias e experiencias persoais ou por provir do estranxeiro teña especiais dificultades de inserción social e familiar, para que se produza a situación protexida o adoptado ou acollido deberá ser menor de dezaioito anos.

Para os efectos das previsións deste real decreto, entenderase que o adoptado ou acollido presenta algunha discapacidade cando acredite unha minusvalidez nun grao igual ou superior ó 33 por 100, de conformidade co Real decreto 1971/1999, do 23 de decembro, de procedemento para o recoñecemento, declaración e cualificación do grao de minusvalidez.

3. No suposto de traballadores por conta propia incluídos nos distintos réximes especiais do sistema da Seguridade Social, considéranse situacións protexidas as referidas nos números 1 e 2 deste artigo, durante os períodos de cesamento da actividade que sexan coincidentes, no relativo tanto á súa duración como á súa distribución, cos períodos de descanso laboral establecidos para os traballadores por conta allea, excepto no que se refire á posibilidade de desfrute do descanso en réxime de xornada a tempo parcial, que unicamente será de aplicación a estes últimos traballadores.

### Artigo 3. *Prestación económica.*

1. A prestación económica por maternidade consistirá nun subsidio equivalente ó 100 por 100 da base reguladora correspondente, de acordo co disposto no artigo 6 deste real decreto.

2. En caso de parto múltiple e de adopción ou acollemento de máis dun menor, realizados de forma simultánea, concederase un subsidio especial por cada fillo, a partir do segundo, igual ó que corresponda percibir polo primeiro, durante o período de seis semanas, inmediatamente posteriores ó parto, ou cando se trate de adopción ou acollemento, a partir da decisión administrativa ou xudicial de acollemento ou da resolución xudicial pola que se constitúa a adopción.

### Artigo 4. *Beneficiarios.*

1. Serán beneficiarios do subsidio por maternidade os traballadores, calquera que sexa o seu sexo, incluídos no ámbito de aplicación deste capítulo II, que desfruten dos descansos referidos no artigo 2 desta norma, sempre que, reunindo a condición xeral de estaren afiliados e en alta ou en situación asimilada a ela nalgún réxime do sistema da Seguridade Social, acrediten un período mínimo de cotización de cento oitenta días, dentro dos cinco anos inmediatamente anteriores á data do parto, ou ás datas da decisión administrativa ou xudicial de acollemento ou da resolución xudicial pola que se constitúa a adopción.

Nos supostos de adopción internacional, cando fose necesario o desprazamento previo dos pais ó país de orixe do adoptado e estes se acollan ó período de suspensión previsto que, en tales casos, poderán comezar a desfrutar ata catro semanas antes da resolución pola que se constitúa a adopción, os requisitos establecidos no parágrafo anterior deberán acreditarse na data de inicio deste período de suspensión. En ningún caso, o período de duración da prestación poderá ser superior

a dezaseis semanas ou ó período que corresponda, no suposto de adopción múltiple, ou o seu equivalente cando o período de descanso se desfrute en réxime de xornada a tempo parcial.

Cando o período de descanso por maternidade, adopción ou acollemento sexa desfrutado, simultánea ou sucesivamente, pola nai e o pai, terán ambos a condición de beneficiarios do subsidio, sempre que reúnan de forma independente os requisitos esixidos.

Así mesmo, en caso de parto, se a nai traballadora non reúne o período mínimo de cotización requirido, o pai, á opción da nai, poderá percibi-lo subsidio durante a totalidade do permiso de descanso que corresponda, descontando un período de seis semanas, sempre que aquel acredite o mencionado requisito.

2. Os traballadores contratados a tempo parcial terán dereito á prestación económica por maternidade, coas particularidades establecidas no Real decreto 144/1999, do 29 de xaneiro, polo que se desenvolve, en materia de acción protectora da Seguridade Social, o Real decreto lei 15/1998, do 27 de novembro, de medidas urxentes para a mellora do mercado de traballo en relación co traballo a tempo parcial e o fomento da súa estabilidade.

Estas particularidades non serán de aplicación ós traballadores contratados a xornada completa que, non obstante, desfruten os períodos de descanso por maternidade en réxime de xornada a tempo parcial.

3. Tanto para os traballadores por conta propia incluídos nos distintos réximes especiais como para os traballadores pertencentes ó réxime especial de empregados de fogar que sexan responsables da obriga de cotizar, será requisito imprescindible para o recoñecemento e aboamento da prestación que os interesados estean ó día no pagamento das cotas á Seguridade Social. Sen prexuízo do anterior, será de aplicación, se é o caso, o mecanismo da invitación ó pagamento previsto no número 2 do artigo 28 do Decreto 2530/1970, do 20 de agosto, polo que se regula o réxime especial dos traballadores por conta propia ou autónomos, tanto a estes últimos, coma ós traballadores pertencentes ó réxime especial dos empregados de fogar que sexan responsables da obriga de cotizar.

4. Para efectos do subsidio especial por parto, adopción ou acollemento múltiples, a que se refire o número 2 do artigo anterior, terán a condición de beneficiarios os que pola súa vez o sexan da prestación económica por maternidade, se ben unicamente poderá percibir aquel un dos proxenitores que, en caso de parto, será determinado á opción da nai; en caso de adopción ou acollemento, será decidido por libre decisión dos interesados.

5. De conformidade co establecido no número 3 do artigo 2 deste real decreto, os traballadores por conta propia incluídos nos distintos réximes especiais do sistema da Seguridade Social non poderán ser beneficiarios do subsidio por maternidade en réxime de xornada a tempo parcial.

### Artigo 5. *Situacións asimiladas á alta.*

Para o acceso á prestación económica por maternidade considéranse situacións asimiladas á alta as seguintes:

1.<sup>a</sup> A situación legal de desemprego total pola que se perciba prestación de nivel contributivo.

2.<sup>a</sup> O mes seguinte ó cesamento no cargo público ou ó cesamento no exercicio de cargo público representativo ou de funcións sindicais de ámbito provincial, autonómico ou estatal, que deu lugar á situación de excepción forzosa ou situación equivalente, durante o que debe solicitarse o reingreso ó traballo, de acordo co esta-

blecido no número 1 do artigo 46 e número 3 do artigo 48 da Lei do Estatuto dos traballadores.

3.<sup>a</sup> O traslado do traballador pola empresa fóra do territorio nacional.

4.<sup>a</sup> Para os colectivos de artistas e de profesionais taurinos, os días que resulten cotizados por aplicación das normas que regulan a súa cotización, os cales terán a consideración de días cotizados e en situación de alta, aínda que non se correspondan cos de prestación de servizos.

5.<sup>a</sup> No réxime especial agrario, a situación de desprazamento ó estranxeiro por razón de traballo, nos termos regulados no artigo 71 do Regulamento xeral do réxime especial agrario da Seguridade Social, aprobado polo Decreto 3772/1972, do 23 de decembro.

6.<sup>a</sup> Calquera outra situación que se prevexa regulamentariamente.

#### Artigo 6. *Cálculo da prestación.*

1. Para o cálculo do subsidio por maternidade, a base reguladora será equivalente á que estea establecida para a prestación de incapacidade temporal, derivada de continxencias comúns, tomando como referencia a data de inicio do período de descanso.

Non obstante, durante o desfrute dos períodos de descanso en réxime de xornada a tempo parcial, a base reguladora do subsidio reducirase en proporción inversa á redución que experimentase a xornada laboral.

2. Nos supostos de traballadores contratados a tempo parcial, a determinación da base reguladora efectuarase de acordo co previsto para a prestación económica por maternidade no número 2 do artigo 5 do Real decreto 144/1999, do 29 de xaneiro.

3. Cando o período de descanso por maternidade, adopción ou acollemento familiar, tanto permanente como preadoptivo, sexa desfrutado, simultánea ou sucesivamente, pola nai e polo pai, a prestación determinarase para cada un en función da súa respectiva base reguladora.

4. Nos casos de parto prematuro e naqueles en que, por calquera outra causa, o neonato deba permanecer hospitalizado a continuación do parto, se a percepción do subsidio por maternidade fose interrompida, cando este se reinicie, unha vez que o menor fose dado de alta hospitalaria, este subsidio percibirase na mesma contía en que se viñera aboando antes da interrupción.

#### Artigo 7. *Nacemento, duración e extinción do dereito.*

1. Terase dereito ó subsidio por maternidade a partir do mesmo día en que dea comezo o período de descanso correspondente.

2. O subsidio por maternidade aboaráselle a cada beneficiario, se é o caso, durante a parte dos períodos de descanso mencionados no artigo 2 deste real decreto, que fosen desfrutados efectivamente pola nai e o pai.

No suposto de falecemento do fillo, a beneficiaria terá dereito á prestación económica durante os días que falten para completa-lo período de descanso obrigatorio para a nai de seis semanas posteriores ó parto, se estas non se esgotasen. Nestes casos, quedará sen efecto a opción exercida pola nai a prol do pai.

Así mesmo, o disposto no parágrafo anterior será de aplicación aínda cando o feto non reúna as condicións establecidas no artigo 30 do Código civil para adquirirla personalidade, sempre que permanecese no seo materno durante polo menos cento oitenta días.

En caso de falecemento da nai, o pai poderá percibi-la totalidade ou, se é o caso, a parte que quede do período de subsidio.

Cando a nai optase porque o pai desfrute dunha parte determinada e ininterrompida do período de descanso

por maternidade e, unha vez iniciado o efectivo desfrute polo pai, este falecese antes de telo completado, a nai poderá ser beneficiaria do subsidio pola parte do período de descanso que quedase ata alcanza-la duración máxima correspondente, mesmo aínda que aquela xa se reincorporase ó traballo con anterioridade.

3. As situacións de folga e peche patronal non impedirán o recoñecemento e percepción do subsidio por maternidade.

4. Nos casos de parto prematuro e naqueles en que, por calquera outra causa, o neonato deba permanecer hospitalizado a continuación do parto, a percepción do subsidio por maternidade poderá interromperse, a petición do pai ou da nai, segundo cal sexa o beneficiario, unha vez completado o período de descanso obrigatorio para a nai de seis semanas posteriores ó parto, e restablecerase a partir da data da alta hospitalaria do menor, polo período que quede por desfrutar. Para tal efecto, terase en conta o seguinte:

a) Se o descanso se iniciou a partir da data do parto, a interrupción na percepción do subsidio por maternidade poderá comprende-lo período das dez semanas posteriores ó descanso obrigatorio ou das que correspondan por parto múltiple.

b) Se o descanso por maternidade se iniciou antes do parto, a interrupción afectará unicamente ó período que, se é o caso, quede por desfrutar tralo período de seis semanas de descanso obrigatorio.

Nos casos mencionados nesta alínea, se durante a percepción do subsidio por maternidade se extingue o contrato de traballo do beneficiario ou se produce o cesamento da actividade, non poderá interromperse este subsidio.

5. O dereito ó subsidio por maternidade extinguirase por algunha das seguintes causas:

a) Polo transcurso dos prazos máximos de duración dos períodos de descanso referidos no artigo 2 desta norma.

b) Cando o período de descanso sexa desfrutado exclusivamente pola nai ou polo pai, pola reincorporación voluntaria ó traballo do beneficiario do subsidio con anterioridade ó cumprimento do prazo máximo de duración do mencionado período de descanso.

c) No suposto de desfrute sucesivo ou simultáneo pola nai e o pai, pola reincorporación voluntaria ó traballo dun deles ou de ambos, con anterioridade ó cumprimento dos prazos máximos de duración dos períodos de descanso correspondente. Neste caso, a parte que restase para completalos incrementará a duración do subsidio a que tiver dereito o outro beneficiario.

d) Polo falecemento do beneficiario, salvo que poida continuar no desfrute do período de descanso o proxenitor sobrevivente, segundo as condicións legal ou regulamentariamente establecidas.

e) Polo falecemento do fillo ou acollido, coa excepción do establecido nos parágrafos segundo e terceiro do número 2 deste artigo.

6. Nos supostos previstos nas alíneas b) e c) do punto anterior, non caberá a reincorporación da nai ó traballo, en caso de parto, ata que transcorresen as seis semanas posteriores a aquel, establecidas como de descanso obrigatorio.

#### Artigo 8. *Revogabilidade da opción en favor do pai.*

A opción exercida pola nai ó se inicia-lo período de descanso por maternidade en favor do pai, a fin de que este desfrute de parte do permiso e, por conseguinte, perciba unha parte determinada e ininterrompida do subsidio, correspondente ó descanso posterior ó parto, nos

termos establecidos nas normas legais mencionadas no artigo 2 deste real decreto, poderá ser revogada pola nai se sobreviñesen feitos que fagan inviable a súa aplicación, tales como ausencia, enfermidade ou accidente do pai, abandono de familia, separación ou outras causas análogas.

**Artigo 9. *Maternidade, incapacidade temporal e extinción do contrato.***

1. Esgotado o período de descanso por maternidade, se a beneficiaria continuase necesitando asistencia sanitaria como consecuencia do parto e se encontrase incapacitada para o traballo, consideraráselle en situación de incapacidade temporal debida a enfermidade común, iniciándose a partir deste momento, se cumpre os requisitos esixidos e sen solución de continuidade, o pagamento do subsidio correspondente á nova continxencia e o cómputo para a duración desta situación, con absoluta independencia dos períodos de descanso por maternidade.

2. Os procesos de incapacidade temporal iniciados antes do parto e sen que a interesada optase polo descanso maternal, manteranse nos seus propios termos ata o momento do parto, deixando sempre a salvo a posibilidade de opción da interesada polo dito descanso.

A partir da data do parto deberá comeza-lo desfrute do descanso por maternidade. Se transcorrido este, a anterior situación de incapacidade temporal persistise, reiniciarase o cómputo interrompido.

3. Durante o descanso por maternidade non procederá, excepto o disposto no parágrafo seguinte, o recoñecemento do dereito ó subsidio por incapacidade temporal derivada de continxencias comúns ou profesionais sobrevidas durante este período. Esgotado este, se o pai ou a nai necesitasen asistencia sanitaria, se encontrasen impedidos para o traballo e cumprisen os requisitos esixidos, iniciarase a situación de incapacidade temporal que corresponda.

Cando durante a percepción dun subsidio por maternidade en réxime de xornada a tempo parcial, se inicie un proceso de incapacidade temporal, calquera que sexa a continxencia, poderá percibirse tamén simultaneamente o subsidio correspondente a esta situación, de acordo co réxime xurídico que lle sexa de aplicación. En tal caso, a base reguladora calcularase sobre a base de cotización da xornada a tempo parcial que se viñese compatibilizando co subsidio por maternidade.

No suposto previsto no parágrafo anterior, se, esgotado o subsidio por maternidade, a nai ou o pai continúan en situación de incapacidade temporal, manterase a percepción do subsidio por esta continxencia na contía que correspondese ó réxime de xornada completa, se ben para efectos da súa duración e porcentaxe se tomará como referencia a data da baixa médica no traballo en réxime de xornada a tempo parcial.

4. Nos casos de extinción do contrato de traballo dunha traballadora que ve interrompida a súa situación de incapacidade temporal derivada de continxencias comúns ou profesionais, por pasar á situación de descanso por maternidade, aplicaranse as seguintes regras:

1.<sup>a</sup> Se a extinción se produce unha vez iniciado o descanso por maternidade, manterase a percepción da prestación ata o termo de tal situación. De igual modo, se a extinción do contrato de traballo se produce durante o desfrute de períodos de descanso, en réxime de xornada a tempo parcial, a partir dese momento percibirase na súa totalidade o subsidio por maternidade. Se o pai xa estivese desfrutando un período de descanso, en réxime de xornada completa ou a tempo parcial, o subsidio que lle correspondese manterase nos termos en que o estivese percibindo. Unha vez finalizado o descanso por mater-

nidade da nai, se persistise a anterior situación de incapacidade temporal, reiniciarase o cómputo interrompido e o aboamento do subsidio correspondente.

2.<sup>a</sup> Se a extinción do contrato se produce antes do inicio do descanso por maternidade, aínda que a traballadora non pasase á situación de desemprego total percibindo prestación económica de nivel contributivo, ou esta se extingue durante a incapacidade temporal precedente á situación de maternidade, causará dereito á prestación económica derivada desta última continxencia, interrompéndose a incapacidade temporal anterior ó parto e o aboamento do subsidio correspondente que se substituirá desde o día de inicio da situación de maternidade polo subsidio asignado legalmente a esta última.

Tamén terá dereito á prestación económica por maternidade cando entre a extinción da incapacidade temporal por alta médica e o inicio da situación por maternidade non haxa solución de continuidade, ben por producirse a alta médica por incapacidade temporal e o inicio do descanso por maternidade o mesmo día, ben por ter lugar esta ó día seguinte daquela.

Se a extinción do contrato de traballo do pai ou da nai se produce antes do inicio do descanso por maternidade, o subsidio que, se é o caso, corresponda, percibirase na súa contía íntegra e non poderá compartirse o desfrute do descanso entre ambos, en réxime de xornada a tempo parcial.

5. O disposto nos puntos precedentes será de aplicación en supostos análogos ós que alí se establecen, cando se trate das situacións protexidas de adopción ou acollemento preadoptivo ou permanente.

6. Cando se interrompese a percepción do subsidio por maternidade, nos casos sinalados no número 4 do artigo 7 e, unha vez restablecida a correspondente prestación de servizos ou a actividade, o interesado iniciase un proceso de incapacidade temporal, este proceso quedará interrompido pola alta hospitalaria do menor, co conseguinte comezo do subsidio por maternidade.

Non obstante, se, unha vez finalizado o subsidio por maternidade, persiste a situación de incapacidade temporal, reiniciarase o subsidio correspondente a esta última continxencia que fose interrompido.

**Artigo 10. *Denegación, anulación e suspensión do dereito.***

O dereito ó subsidio por maternidade poderá ser denegado, anulado ou suspendido, de conformidade co establecido no artigo 133 quinquies do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1994, do 20 de xuño:

a) Cando o beneficiario actuase fraudulentamente para obter ou conserva-lo subsidio.

b) Cando o beneficiario traballase por conta propia ou allea durante os correspondentes períodos de descanso, salvo a percepción dun subsidio por maternidade en réxime de xornada a tempo parcial.

**Artigo 11. *Xestión das prestacións económicas por maternidade.***

1. As prestacións económicas por maternidade serán xestionadas directamente pola entidade xestora respectiva.

2. O pagamento do subsidio será realizado directamente pola entidade xestora, sen que caiba ningunha fórmula de colaboración na xestión por parte das empresas.

Non obstante, de conformidade co establecido na disposición adicional décimo primeira ter do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, para os supostos en que, ó abeiro do número 2 do seu artigo 222, os

traballadores estean percibindo prestación por desemprego total e pasen á situación de maternidade, a entidade xestora poderá concerta-la encomenda de xestión co Instituto Nacional de Emprego para o pagamento da prestación.

3. O pagamento do subsidio realizarase por períodos vencidos. O subsidio especial, en caso de parto múltiple será aboado nun só pagamento ó termo do período de seis semanas posteriores ó parto e, nos supostos de adopción ou acollemento múltiples, ó termo das seis semanas inmediatamente posteriores á decisión administrativa ou xudicial de acollemento ou da resolución xudicial pola que se constitúe a adopción.

#### Artigo 12. *Informe de maternidade.*

1. O facultativo do servizo público de saúde que atenda a traballadora embarazada expedirá un informe de maternidade no que se certificarán, segundo os casos, os seguintes extremos:

- a) Data probable do parto, cando a traballadora inicie o descanso con anterioridade a aquel.
- b) Data do parto.
- c) Estado de saúde da muller posterior ó parto, nos supostos de opción do descanso por maternidade en favor do pai, de forma sucesiva co da nai, cando, conforme o disposto no primeiro parágrafo do número 2.3.º do artigo 13, resulte necesario.

2. O informe de maternidade constará dun orixinal e dúas copias. Entregaráselle á traballadora o orixinal, unha copia tramitarase á Inspección de Servizos Sanitarios ou órgano equivalente do servizo público de saúde correspondente e a outra quedará en poder do facultativo.

3. As traballadoras por conta allea entregarán este orixinal na empresa, a cal consignará a data en que a traballadora inicia o período de descanso e reflectirá os datos de cotización necesarios para o cálculo do subsidio. Unha vez cubertos tales datos, a empresa devolverá de forma inmediata o informe á traballadora, co fin de que esta poida xuntalo á solicitude do subsidio ante a entidade xestora.

#### Artigo 13. *Solicitude da prestación económica por maternidade e resolución desta.*

1. O procedemento para o recoñecemento do dereito á prestación por maternidade iníciase por instancia do traballador ou traballadora, mediante solicitude dirixida á dirección provincial da entidade xestora competente, segundo o réxime de encadramento, da provincia en que teña o seu domicilio.

As solicitudes formularanse nos modelos normalizados establecidos pola Administración da Seguridade Social e deberán conte-los datos e circunstancias que establece o artigo 70 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Expresamente, as solicitudes deberán conte-lo seu motivo, a data de inicio e a distribución prevista do período de descanso de cada un dos beneficiarios, así como os datos relativos á empresa ou empresas, se se tratase de traballadores por conta allea.

2. Á solicitude deberán acompañarse preceptivamente os seguintes documentos:

1.º En caso de maternidade e parto múltiple,

a) O informe de maternidade expedido polo correspondente servizo público de saúde, ó que se refire o artigo anterior, debidamente complementado cos datos

que debe facer consta-la empresa, cando se trate de traballadoras por conta allea.

b) Libro de familia ou certificación da inscrición do fillo ou fillos no Rexistro Civil. Cando o descanso se iniciase con anterioridade ó parto, tales documentos deberán acompañarse unha vez practicada a inscrición rexistral do fillo.

c) Certificación de cotizacións á Seguridade Social da última ou últimas empresas, ou acreditación da cotización cos recibos do aboamento de cotas, se o causante é o obrigado ó seu ingreso, cando sexan necesarias para acredita-lo período mínimo de cotización, para determina-la contía da prestación ou a situación de estar ó día no pagamento das cotas.

2.º No suposto de falecemento da nai, o solicitante deberá xunta-lo certificado de defunción daquela.

3.º Cando a nai exerce a opción en favor do pai, presumirase, agás proba en contrario, que a reincorporación da nai ó traballo non supón ningún risco para a súa saúde.

Neste último caso, así como no de falecemento da nai, deberán xuntarse tamén os datos ou xustificantes relativos á cotización do interesado, para efectos do cálculo do subsidio, así como a certificación da empresa na que conste a data de inicio da suspensión laboral.

4.º Nos supostos de adopción ou acollemento, dun ou máis menores, deberá achegarse:

a) En todo caso, a resolución xudicial pola que se constitúe a adopción, ou ben a resolución administrativa ou xudicial pola que se concede o acollemento familiar, xa sexa permanente ou preadoptivo.

Cando se trate de adopción internacional, nos supostos en que sexa necesario o desprazamento previo dos pais ó país de orixe do adoptado, conforme o disposto no segundo parágrafo do número 1 do artigo 4, achegarase a documentación emitida polo órgano competente da comunidade autónoma, na que se xustifique o inicio dos trámites necesarios para a adopción, co obxecto de perfeccionar esta.

b) Cando se trate de adopción ou acollemento de menores, maiores de seis anos, certificación do Instituto de Migracións e Servizos Sociais ou órgano competente da comunidade autónoma respectiva, de que o adoptado ou acollido presenta un grao de minusvalidez igual ou superior ó 33 por 100, ou da entidade pública, competente en materia de protección de menores, de que aquel, polas súas circunstancias persoais ou por provir do estranxeiro, ten especiais dificultades de inserción social ou familiar.

c) Certificación de cotizacións á Seguridade Social da última ou últimas empresas, ou acreditación da cotización cos recibos do aboamento de cotas, se o causante é o obrigado ó seu ingreso, cando sexan necesarias para acredita-lo período mínimo de cotización, para determina-la contía da prestación ou a situación de estar ó día no pagamento das cotas.

d) Certificación da empresa na que conste a data de inicio da suspensión laboral.

5.º Documento que acredite o previo acordo co empresario, cando o período de descanso se disfrute en réxime de xornada a tempo parcial. En caso de que a nai e o pai se acollan a esta posibilidade, cada un deberá achegar este documento acreditativo.

Se, conforme o establecido na disposición adicional primeira deste real decreto, a distribución inicialmente acordada do disfrute do período de descanso se modifica, esta circunstancia deberá pórse en coñecemento da entidade xestora con carácter inmediato.

3. Á vista da documentación presentada e unha vez comprobados tódolos requisitos esixidos para acceder

ó subsidio, o director provincial da entidade xestora respectiva dictará resolución expresa e notificaraa, no prazo de trinta días, para o recoñecemento do dereito á prestación económica por maternidade.

4. A solicitude de interrupción da percepción do subsidio por maternidade, nos casos previstos no número 4 do artigo 7, corresponderá efectuala á nai ou ó pai do neonato, segundo quen sexa ou vaia se-lo beneficiario da prestación, debendo acreditar-la interrupción da suspensión do contrato de traballo ou o cesamento da actividade, así como a existencia de hospitalización do menor.

### CAPÍTULO III

#### Subsidio por risco durante o embarazo

##### SECCIÓN 1.<sup>a</sup> NORMAS APLICABLES ÁS TRABALLADORAS POR CONTA ALLEA

#### Artigo 14. *Situación protexida.*

1. Para os efectos da prestación económica por risco durante o embarazo, considérase situación protexida aquela en que se encontra a traballadora embarazada durante o período de suspensión do contrato de traballo nos supostos en que, debendo esta cambiar de posto de traballo por outro compatible co seu estado, nos termos previstos no número 3 do artigo 26 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, este cambio de posto non resulte técnica ou obxectivamente posible, ou non poida razoablemente esixirse por motivos xustificadas.

2. De conformidade co establecido no punto anterior, non se considerará situación protexida a derivada de riscos ou patoloxías que poidan influír negativamente na saúde da traballadora ou do feto, cando non estea relacionada con axentes, procedementos ou condicións de traballo do posto desempeñado.

#### Artigo 15. *Prestación económica.*

A prestación económica por risco durante o embarazo consistirá nun subsidio equivalente ó 75 por 100 da base reguladora correspondente, de acordo co disposto no artigo 17 deste real decreto.

#### Artigo 16. *Beneficiarias.*

1. Serán beneficiarias do subsidio as traballadoras por conta allea, en situación de suspensión do contrato de traballo por risco durante o embarazo, sempre que, estando afiliadas e en alta nalgún dos réximes da Seguridade Social, acrediten un período mínimo de cotización de cento oitenta días, dentro dos cinco anos inmediatamente anteriores á data en que se inicie a suspensión do contrato de traballo.

Nos mesmos termos, serán beneficiarias do subsidio as traballadoras integradas no réxime especial de empregados de fogar, que presten os seus servizos para un fogar con carácter exclusivo.

2. As traballadoras contratadas a tempo parcial terán dereito á prestación económica por risco durante o embarazo, coas particularidades establecidas no Real decreto 144/1999, do 29 de xaneiro, para a prestación de incapacidade temporal derivada de continxencias comúns.

#### Artigo 17. *Cálculo da prestación.*

1. Para o cálculo do subsidio por risco durante o embarazo, a base reguladora será equivalente á que

estea establecida para a prestación de incapacidade temporal, derivada de continxencias comúns, tomando como referencia a data en que se inicie a suspensión do contrato de traballo.

2. Nas situacións de pluriemprego teranse en conta as seguintes particularidades:

a) Cando a suspensión do contrato de traballo por risco durante o embarazo se declare en tódalas actividades que realice simultaneamente a traballadora, para a determinación da base reguladora do subsidio computaranse tódalas súas bases de cotización nas distintas empresas, sendo de aplicación á base reguladora así determinada o tope máximo establecido para efectos de cotización.

b) Se a suspensión do contrato de traballo por risco durante o embarazo se declarase nunha ou nalgunhas das actividades realizadas pola traballadora, pero non en todas, no cálculo da base reguladora do subsidio só se tomarán as bases de cotización nas empresas onde se produce a suspensión do contrato de traballo, aplicando, para estes efectos, o límite que corresponda á fracción ou fraccións do tope máximo que aquelas teñan asignado.

3. Nas situacións de pluriactividade será de aplicación o disposto no artigo 29 deste real decreto.

4. No caso de traballadoras contratadas a tempo parcial, para a determinación da base reguladora do subsidio aplicaranse as normas establecidas para o subsidio de incapacidade temporal na alínea b) do artigo 4 do Real decreto 144/1999, do 29 de xaneiro.

#### Artigo 18. *Nacemento, duración e extinción do dereito.*

1. O dereito ó subsidio nace o mesmo día en que se inicie a suspensión do contrato de traballo por risco durante o embarazo.

2. O subsidio aboarase durante o período necesario para a protección da seguridade ou da saúde da traballadora e/ou do feto, e finalizará o día anterior a aquel en que se inicie a suspensión do contrato de traballo por maternidade ou o de reincorporación da muller traballadora ó seu posto de traballo anterior ou a outro compatible co seu estado.

3. O subsidio aboaráselles ás traballadoras contratadas a tempo parcial durante tódolos días naturais en que se manteña a suspensión do contrato de traballo por risco durante o embarazo.

4. O dereito ó subsidio extinguirase por:

a) Suspensión do contrato de traballo por maternidade.

b) Reincorporación da muller traballadora ó seu posto de traballo anterior ou a outro compatible co seu estado.

c) Extinción do contrato de traballo en virtude das causas legalmente establecidas.

d) Falecemento da beneficiaria.

#### Artigo 19. *Denegación, anulación e suspensión do dereito.*

O dereito ó subsidio poderá ser denegado, anulado ou suspendido, de conformidade co establecido para o subsidio por incapacidade temporal no número 1 do artigo 132 do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1994, do 20 de xuño:

a) Cando a beneficiaria actuase fraudulentamente para obter ou conserva-lo subsidio.

b) Cando realice calquera traballo ou actividade, ben por conta allea ou por conta propia, iniciados con posterioridade á suspensión do contrato de traballo por risco durante o embarazo, incompatibles co seu estado.

**Artigo 20. Xestión da prestación económica.**

1. A prestación económica por risco durante o embarazo será xestionada directamente pola entidade xestora respectiva, sen que caiba ningunha fórmula de colaboración na xestión por parte das empresas.

2. O pagamento do subsidio realizarase por períodos vencidos.

**Artigo 21. Procedemento para o recoñecemento do dereito.**

1. O procedemento para o recoñecemento do dereito ó subsidio por risco durante o embarazo iniciárase por instancia da traballadora, mediante solicitude dirixida á dirección provincial da entidade xestora da provincia en que teña o seu domicilio a interesada. As solicitudes formularanse nos modelos normalizados establecidos pola Administración da Seguridade Social e deberán conter os datos e circunstancias que establece o artigo 70 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Expresamente, as solicitudes deberán conter a data de suspensión do contrato de traballo por risco durante o embarazo, os datos relativos á actividade desempeñada pola traballadora afectada, a súa categoría profesional e función e descrición do traballo concreto que realizase, así como o risco específico que presenta para o embarazo.

2. Á solicitude deberán xuntarse preceptivamente os documentos seguintes:

a) Informe médico do facultativo do Instituto Nacional da Saúde ou do servizo público de saúde equivalente, así como certificación médica expedida polos servizos médicos da entidade xestora correspondente ou mutua de accidentados de traballo e enfermidades profesionais da Seguridade Social, que cubra a prestación de incapacidade temporal, derivada de continxencias comúns, na que se acredite a situación de embarazo e que as condicións do posto de traballo desenvolvido pola traballadora influen negativamente na súa saúde e/ou na do feto.

Cando a certificación médica, nos termos establecidos na disposición adicional segunda, fose expedida polos servizos médicos da entidade xestora correspondente, non será necesario xuntar á solicitude os documentos a que se refire o parágrafo anterior.

b) Declaración da empresa sobre a inexistencia de postos de traballo compatibles co estado da traballadora, co informe sobre este particular emitido polo servizo de prevención propio da empresa sempre que conte coa especialidade preventiva de vixilancia da saúde, pola entidade especializada que desenvolva para a empresa, de acordo co correspondente concerto, as funcións correspondentes ós servizos de prevención alleos en canto á vixilancia da saúde, ou polo responsable de prevención, designado pola empresa, coa cualificación ou acreditación suficiente para esa tarefa.

A declaración deberá reflectir tamén a data en que a traballadora suspendeu a relación laboral, así como a contía da base de cotización da traballadora, correspondente ó mes anterior ó do inicio da suspensión do contrato de traballo, ou ós tres meses anteriores, nos casos de contratos a tempo parcial.

c) Declaración do responsable do fogar familiar sobre a inexistencia de posto de traballo compatible co estado da traballadora, cando se trate de persoas integradas no réxime especial de empregados de fogar.

3. Á vista da documentación presentada e unha vez comprobados tódolos requisitos esixidos para acceder

ó subsidio, o director provincial da entidade xestora respectiva dictará resolución expresa e notificaráa, no prazo de trinta días, para o recoñecemento do dereito á prestación económica por risco durante o embarazo.

4. Cando se produzan contradicións nas declaracións e certificacións presentadas coa solicitude, ou concorran indicios de posible conxencia para obter a prestación, a dirección provincial da entidade xestora poderá solicitar informe á Inspección de Traballo e Seguridade Social, co fin de que esta manifieste a súa conformidade ou a súa discrepancia en relación coas medidas adoptadas pola empresa, que poidan determinar o dereito ó subsidio por risco durante o embarazo. A petición de informe deberá ir acompañada da documentación presentada.

O informe deberá ser emitido no prazo de quince días, transcorrido o cal o director provincial da entidade xestora poderá dictar a correspondente resolución sen ter en conta ó mesmo.

**SECCIÓN 2.<sup>a</sup> NORMAS APLICABLES ÁS TRABALLADORAS POR CONTA PROPIA****Artigo 22. Situación protexida.**

1. Para os efectos da prestación económica por risco durante o embarazo, considérase situación protexida aquela en que se encontra a traballadora embarazada durante o período de interrupción da actividade profesional nos supostos en que o seu desempeño inflúa negativamente na saúde da traballadora embarazada ou do feto, e así o certifiquen os servizos médicos da entidade xestora correspondente.

2. De conformidade co establecido no punto anterior, non se considera situación protexida a derivada de riscos ou patoloxías que poidan influír negativamente na saúde da traballadora ou do feto, cando non estea relacionada con axentes, procedementos ou condicións de traballo da actividade desempeñada.

**Artigo 23. Beneficiarias.**

1. Serán beneficiarias do subsidio as traballadoras por conta propia que interrompesen a súa actividade profesional por risco durante o embarazo, sempre que, estando afiliadas e en alta nalgún dos réximes da Seguridade Social, acrediten un período mínimo de cotización de cento oitenta días, dentro dos cinco anos inmediatamente anteriores á data en que emitan o certificado os servizos médicos da entidade xestora correspondente, a que se refire o artigo 28 deste real decreto.

Nos mesmos termos, serán beneficiarias do subsidio as traballadoras integradas no réxime especial de empregados de fogar, cando non presten os seus servizos para un fogar con carácter exclusivo e, en consecuencia, sexan responsables da obriga de cotizar.

2. Tanto para as traballadoras por conta propia incluídas nos distintos réximes especiais, como para as traballadoras pertencentes ó réxime especial de empregados de fogar que sexan responsables da obriga de cotizar, será requisito imprescindible para o recoñecemento e aboamento da prestación que as interesadas estean ó día do pagamento das cotas á Seguridade Social. Sen prexuízo do anterior, será de aplicación, se é o caso, o mecanismo da invitación ó pagamento previsto no punto 2 do artigo 28 do Decreto 2530/1970, do 20 de agosto, polo que se regula o réxime especial dos traballadores por conta propia ou autónomos, tanto ás traballadoras pertencentes a este último, como ás traballadoras pertencentes ó réxime especial de empregados de fogar que sexan responsables da obriga de cotizar.

#### Artigo 24. *Prestación económica.*

A prestación económica por risco durante o embarazo consistirá nun subsidio equivalente ó 75 por 100 da base reguladora correspondente.

Para estes efectos, a base reguladora será equivalente á que estea establecida para a prestación de incapacidade temporal, derivada de continxencias comúns, tomando como referencia a data en que se emita o certificado dos servizos médicos da entidade xestora correspondente.

#### Artigo 25. *Nacemento, duración e extinción do dereito.*

1. O dereito ó subsidio nace o día seguinte a aquel en que emiten o certificado médico os servizos médicos da entidade xestora correspondente, se ben os efectos económicos non se producirán ata a data do cesamento efectivo na actividade profesional correspondente.

2. O subsidio aboarase durante o período necesario para a protección da seguridade ou da saúde da traballadora e/ou do feto, mentres persista a imposibilidade de reiniciar a súa actividade profesional.

3. O dereito ó subsidio extinguirase por:

- a) Inicio do período de descanso por maternidade.
- b) Reinicio da actividade profesional desempeñada pola muller traballadora.
- c) Causar baixa no réxime especial da Seguridade Social no que a traballadora estiver incluída.
- d) Falecemento da beneficiaria.

#### Artigo 26. *Denegación, anulación e suspensión do dereito.*

O dereito ó subsidio poderá ser denegado, anulado ou suspendido, de conformidade co establecido para o subsidio por incapacidade temporal no número 1 do artigo 132 do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/1994, do 20 de xuño:

- a) Cando a beneficiaria actuase fraudulentamente para obter ou conserva-lo subsidio.
- b) Cando realice calquera traballo ou actividade ben por conta propia ou por conta allea, iniciados con posterioridade ó nacemento do dereito ó subsidio, incompatibles co seu estado.

#### Artigo 27. *Xestión da prestación económica.*

1. A prestación económica por risco durante o embarazo será xestionada directamente pola entidade xestora respectiva.

2. O pagamento do subsidio realizarase por períodos vencidos.

#### Artigo 28. *Procedemento para o recoñecemento do dereito.*

1. O procedemento para o recoñecemento do dereito ó subsidio iniciárase por instancia da traballadora, mediante solicitude dirixida á dirección provincial da entidade xestora da provincia en que teña o seu domicilio a interesada. As solicitudes formularanse nos modelos normalizados establecidos pola Administración da Seguridade Social e deberán conte-los datos e circunstancias que establece o artigo 70 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Expresamente, as solicitudes deberán conte-los datos relativos á actividade profesional desempeñada pola traballadora afectada, descrición do traballo concreto que

realizase, así como o risco específico que presenta para o embarazo.

2. Á solicitude deberán acompañarse preceptivamente os seguintes documentos:

a) O informe do médico do Instituto Nacional da Saúde ou do servizo público de saúde equivalente, que asista facultativamente á traballadora. Este informe deberá acreditar a situación de embarazo e que as condicións do traballo ou actividade profesional desempeñados inflúen negativamente na saúde da traballadora embarazada e/ou na do feto.

O informe constará dun orixinal e dúas copias. Entregaráselle á traballadora o orixinal, unha copia tramitarase á Inspección de Servizos Sanitarios do Instituto Nacional da Saúde ou órgano equivalente do servizo público de saúde correspondente e a outra quedará en poder do facultativo.

b) Declaración da traballadora sobre a actividade desenvolvida, así como sobre a inexistencia dun traballo ou función en tal actividade compatible co seu estado que poida ser levada a cabo por aquela, na súa condición de traballadora por conta propia, ou de empregada de fogar.

Cando a traballadora autónoma preste servizos en sociedades cooperativas ou sociedades laborais ou mercantís, esta declaración deberá ser realizada polo administrador da sociedade.

c) Acreditación da cotización cos recibos do aboamento de cotas, cando sexan necesarias para acreditarlo período mínimo de cotización, para determinar a contía da prestación ou a situación de estar ó día no pagamento das cotas.

3. Da declaración da traballadora, así como do informe do médico do Instituto Nacional da Saúde ou do servizo público de saúde equivalente, daráselle traslado ós servizos médicos da dirección provincial da entidade xestora correspondente, co fin de que estes emitan certificación en que se acredite que as condicións da actividade desempeñada inflúen negativamente na saúde da traballadora e/ou do feto. A expedición destes certificados será de tramitación preferente.

4. Se o certificado dos servizos médicos da dirección provincial da entidade xestora correspondente é favorable ó cesamento na actividade e se trata de traballadoras incluídas no réxime especial de traballadores por conta propia ou autónomos, antes de que se dicte a resolución, virán obrigadas a presentar unha declaración de situación da actividade, na que conste a persoa que xestiona directamente, en tanto exista risco durante o embarazo, o establecemento mercantil, industrial ou doutra natureza do que aquelas sexan titulares ou, se é o caso, o cesamento temporal ou definitivo na actividade.

5. Á vista da documentación presentada e unha vez comprobados tódolos requisitos esixidos para acceder ó subsidio, o director provincial da entidade xestora respectiva dictará resolución expresa e a notificará, no prazo de trinta días, para o recoñecemento do dereito á prestación económica por risco durante o embarazo.

6. Cando se produzan contradicións nas declaracións e certificacións presentadas coa solicitude, ou concorran indicios de actuacións dirixidas a obter indebidamente a prestación, a dirección provincial da entidade xestora poderá solicitar informe á Inspección de Traballo e Seguridade Social, co fin de que esta manifeste a súa conformidade ou a súa discrepancia en relación coas medidas adoptadas pola traballadora, que poidan determinar o dereito ó subsidio por risco durante o embarazo. A petición de informe deberá ir acompañada da documentación presentada.



O informe deberá ser emitido no prazo de quince días, transcorrido o cal o director provincial da entidade xestora poderá dicta-la correspondente resolución sen telo en conta.

SECCIÓN 3.<sup>a</sup> NORMAS COMÚNS ÁS TRABALLADORAS POR CONTA ALLEA E POR CONTA PROPIA

Artigo 29. *Situacións de pluriactividade.*

Nos supostos en que a traballadora realice simultaneamente actividades incluídas en varios réximes do sistema da Seguridade Social:

a) Cando a situación de risco durante o embarazo afecte a tódalas actividades desempeñadas, terá dereito ó subsidio en cada un dos réximes se reúne os requisitos esixidos de maneira independente en cada un deles.

b) Cando a situación de risco durante o embarazo afecte a unha ou a algunha das actividades realizadas pola traballadora, pero non a todas, unicamente terá dereito ó subsidio no réxime no que estean incluídas as actividades en que exista o dito risco.

A percepción do subsidio será compatible co mantemento daquelas actividades que xa viñera desempeñando ou puidera comezar a desempeñar e non impliquen risco durante o embarazo.

Disposición adicional primeira. *Suspensión do contrato de traballo por maternidade a tempo parcial.*

1. De acordo co establecido no parágrafo sexto do número 4 do artigo 48 da Lei do Estatuto dos traballadores, texto refundido aprobado polo Real decreto legislativo 1/1995, do 24 de marzo, os períodos de descanso por maternidade, adopción ou acollemento, preadoptivo ou permanente, a que se refire este punto poderán desfrutarse en réxime de xornada completa ou a tempo parcial, nos termos regulados neste real decreto e de conformidade, se é o caso, co que establezan os convenios colectivos.

2. Para que poida desfrutarse a tempo parcial o permiso de maternidade será imprescindible o acordo previo entre o empresario e o traballador afectado.

O acordo poderá celebrarse tanto ó inicio do descanso correspondente como nun momento posterior e poderá estenderse a todo o período de descanso ou a parte del, sen prexuízo do disposto na alínea a) do punto seguinte.

3. O desfrute a tempo parcial do permiso de maternidade axustarase ás seguintes regras:

a) Este dereito poderá ser exercido tanto pola nai como polo pai e en calquera dos supostos de desfrute simultáneo ou sucesivo do período de descanso.

No caso de parto, a nai non poderá facer uso desta modalidade de permiso durante as seis semanas inmediatas posteriores ó mesmo, que serán de descanso obrigatorio.

b) O período durante o que se desfrute o permiso ampliarase proporcionalmente en función da xornada de traballo que se realice.

c) O desfrute do permiso nesta modalidade será ininterrompido. Unha vez acordado, só poderá modificarse o réxime pactado mediante novo acordo entre o empresario e o traballador afectado, por iniciativa deste e debido a causas relacionadas coa súa saúde ou a do menor.

d) Durante o período de desfrute do permiso de maternidade a tempo parcial, os traballadores non poderán realizar horas extraordinarias, salvo as necesarias para previr ou reparar sinistros e outros danos extraordinarios e urxentes.

4. O tempo no que o traballador preste servicios parcialmente terá a consideración de tempo de traballo efectivo, manténdose suspendida a relación laboral durante o tempo restante.

Non serán de aplicación a este suposto as regras establecidas para o contrato a tempo parcial no artigo 12 do Estatuto dos traballadores e as súas normas de desenvolvemento.

5. O permiso de maternidade a tempo parcial será incompatible co desfrute simultáneo polo mesmo traballador dos dereitos previstos nos números 4 e 4.bis do artigo 37 do Estatuto dos traballadores e da redución de xornada por garda legal prevista no número 5 do mesmo artigo. Será así mesmo incompatible co exercicio do dereito á excedencia por coidado de familiares regulado no número 3 do artigo 46 da citada lei.

Disposición adicional segunda. *Certificación médica sobre a existencia de risco durante o embarazo de traballadoras por conta allea.*

1. A certificación médica de que as condicións do posto de traballo poden influír negativamente na saúde da traballadora e/ou do feto, nos termos previstos no artigo 26 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, será expedida polos servicios médicos da entidade xestora correspondente ou mutua de accidentes de traballo e enfermidades profesionais da Seguridade Social á que estea asociada a empresa, para os efectos da prestación económica da incapacidade temporal, derivada de continxencias comúns.

Nas direccións provinciais do Instituto Nacional da Seguridade Social onde non se dispoña de servicios médicos propios, a mencionada certificación médica, así como a prevista no artigo 28 deste real decreto, serán expedidas pola Inspección de Servicios Sanitarios do Instituto Nacional da Saúde ou órgano equivalente das comunidades autónomas que asumisen as transferencias en materia sanitaria.

2. Cando a certificación corresponda ós servicios médicos da correspondente dirección provincial da entidade xestora correspondente, será requisito previo o informe do médico do Instituto Nacional da Saúde ou do servicio público de saúde equivalente, que asista facultativamente á traballadora, no que se exprese a situación de embarazo da traballadora, así como que as condicións do posto de traballo desempeñado poden influír negativamente na saúde da traballadora embarazada ou do feto.

A traballadora presentará o mencionado informe ante a dirección provincial da entidade xestora, correspondente ó seu domicilio, acompañando declaración da empresa na que consten os cometidos efectuados pola interesada na empresa, así como que o posto de traballo desempeñado non se encontra dentro dos postos de traballo exentos de risco, para efectos de embarazo, nos termos sinalados no número 2 do artigo 26 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais.

As traballadoras integradas no réxime especial de empregados de fogar acompañarán a declaración do responsable do fogar familiar, a que se refire a alínea c) do número 2 do artigo 21.

Os servicios médicos da indicada dirección provincial procederán a emitir certificado, no que quede acreditado que as condicións do posto de traballo influen negativamente na saúde da traballadora embarazada ou do feto e que, en consecuencia, debería desempeñar un posto de traballo ou función diferente e compatible co seu estado.

A expedición deste certificado será de tramitación preferente e constará dun orixinal e dúas copias. Entre-

garáselle á traballadora o orixinal e unha copia con destino á empresa ou, se é o caso, ó responsable do fogar familiar, quedando a outra copia en poder do servizo médico.

3. No suposto de que a certificación médica do risco no traballo, corresponda efectuala ós servizos médicos da mutua, nos termos sinalados no número 1, será requisito previo o informe do médico do Instituto Nacional da Saúde ou do servizo público de saúde equivalente, que asista facultativamente á traballadora, no que se exprese a situación de embarazo da traballadora, así como que as condicións do posto de traballo desempeñado poden influír negativamente na saúde da traballadora embarazada ou do feto.

O informe médico do Instituto Nacional da Saúde ou do servizo público de saúde equivalente será entregado pola interesada, xunto coa declaración da empresa indicada no punto anterior, ante a mutua coa que a empresa teña cuberta a prestación de incapacidade temporal, derivada de continxencias comúns, a fin de que os servizos médicos desta emitan un certificado, no que quede acreditado que as condicións do posto de traballo influen negativamente na saúde da traballadora embarazada ou do feto e que, en consecuencia, debería desempeñar un posto de traballo ou función diferente e compatible co seu estado.

A certificación médica, á tramitación da cal se lle dará carácter preferente, constará dun orixinal e tres copias. Entregaráselle á traballadora o orixinal e dúas copias, unha con destino á empresa e outra á entidade xestora correspondente, quedándose a terceira copia en poder do servizo médico.

4. No ámbito de aplicación do réxime especial dos traballadores do mar, nas direccións provinciais en que o Instituto Social da Mariña non dispoña de servizos médicos propios, a certificación médica prevista nos artigos 21 e 28 deste real decreto, será expedida polos servizos médicos do Instituto Nacional da Seguridade Social ou, se é o caso e de conformidade co establecido no número 1 desta disposición, pola Inspección dos Servizos Sanitarios do Instituto Nacional da Saúde ou órgano equivalente das comunidades autónomas que asumisen as transferencias en materia sanitaria.

**Disposición adicional terceira. Situación asimilada á de alta en excedencias por coidado de familiares.**

1. Terán a consideración de situación asimilada á de alta, para efectos das prestacións da Seguridade Social, salvo no que respecta ás de incapacidade temporal e maternidade, as seguintes situacións previstas no número 3 do artigo 46 da Lei do Estatuto dos traballadores, texto refundido aprobado polo Real decreto legislativo 1/1995, do 24 de marzo:

a) O período de excedencia por coidado de fillo, tanto o sexa por natureza, como por adopción, ou nos supostos de acollemento familiar, tanto permanente como preadoptivo, sen prexuízo da consideración, como período cotizado para efectos das prestacións de Seguridade Social, salvo as de incapacidade temporal e maternidade, do primeiro ano da dita excedencia.

b) O período de excedencia para atender ó coidado dun familiar, ata o segundo grao de consanguinidade ou afinidade, que por razóns de idade, accidente ou enfermidade, non poida valerse por si mesmo, e non desempeñe unha actividade retribuída.

2. Polo que se refire ás prestacións por desemprego, serán de aplicación, respecto das situacións indicadas, o disposto no artigo 4 da Lei 4/1995, do 23 de marzo, de regulación do permiso parental e por maternidade.

**Disposición transitoria única. Subsidios en vigor.**

As disposicións contidas neste real decreto, en canto resulten máis favorables, serán de aplicación a tódolos subsidios de maternidade e de risco durante o embarazo que, na data de entrada en vigor daquel, estiveran percibíndose ou dos que xa se tiver iniciado procedemento para o seu recoñecemento.

**Disposición derogatoria única. Derrogación normativa.**

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ó establecido neste real decreto e, expresamente:

a) O número 2 do artigo 2; os artigos 6, 7 e 8, así como o último párrafo referido á maternidade contido no artigo 4 do Decreto 3158/1966, do 23 de decembro, polo que se aproba o Regulamento xeral que determina a contía das prestacións económicas do réxime xeral da Seguridade Social e condicións para o dereito a elas.

b) A alínea c) do artigo 1; o número 3 do artigo 2; a alínea b) do número 1 do artigo 3; a alínea d) do artigo 8; o número 3 do artigo 9; a sección 1.<sup>a</sup> do capítulo III; o artigo 18, así como as previsións que fan referencia ós casos de maternidade, da orde do 13 de outubro de 1967, pola que se establecen normas para a aplicación e desenvolvemento da prestación por incapacidade laboral transitoria no réxime xeral da Seguridade Social.

c) O artigo 7 da orde do 6 de abril de 1983, pola que se dictan normas para efectos de control da situación de incapacidade laboral transitoria no sistema da Seguridade Social, no que fai referencia no seu contido ós casos de maternidade.

d) O número 1 do artigo 10 do Real decreto 2621/1986, do 24 de decembro, polo que se integran os réximes especiais da Seguridade Social de traballadores ferroviarios, xogadores de fútbol, representantes de comercio, toureiros e artistas no réxime xeral, así como se procede á integración do réxime de escritores de libros no réxime especial de traballadores por conta propia ou autónomos.

e) A disposición adicional sexta do Real decreto 1300/1995, do 21 de xullo, polo que se desenvolve, en materia de incapacidades laborais do sistema da Seguridade Social, a Lei 42/1994, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e de orde social.

f) O artigo 32 da orde do 29 de xaneiro de 2001 pola que se desenvolven as normas de cotización á Seguridade Social, desemprego, Fondo de Garantía Salarial e formación profesional, contidas na Lei 13/2000, do 28 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2001.

**Disposición derradeira primeira. Modificacións do Real decreto 2720/1998, do 18 de decembro, polo que se desenvolve o artigo 15 do Estatuto dos traballadores en materia de contratos de duración determinada.**

Un. Engádesse un novo número 3 ó artigo 4 do Real decreto 2720/1998, do 18 de decembro, coa seguinte redacción:

«3. Tamén se rexerá polas disposicións establecidas para o contrato de interinidade o celebrado para substituír a un traballador autónomo, a un socio traballador ou a un socio de traballo dunha sociedade cooperativa no suposto de risco durante o embarazo ou nos períodos de descanso por maternidade, adopción ou acollemento, preadoptivo ou permanente.»

Dous. Modifícase a alínea b) do número 2 do artigo 5 do Real decreto 2720/1998, que queda redactado nos seguintes termos:

«b) Cando o contrato se realice para complementa-la xornada reducida dos traballadores que exerzan os dereitos recoñecidos no artigo 37, números 4.bis e 5 do Estatuto dos traballadores, ou naqueles outros casos en que, de conformidade co establecido legal ou convencionalmente, se acordase unha redución temporal da xornada do traballador substituído, incluídos os supostos en que os traballadores desfruten a tempo parcial do permiso de maternidade, adopción ou acollemento, preadoptivo ou permanente, de acordo co establecido no parágrafo sexto do número 4 do artigo 48, do Estatuto dos traballadores.»

Disposición derradeira segunda. *Modificacións no Regulamento xeral sobre cotización e liquidación doutros dereitos da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto 2064/1995, do 22 de decembro.*

Un. Duración da obriga de cotizar.

O número 2 do artigo 13 queda redactado da forma seguinte:

«2. A obriga de cotizar continuará nas situacións de incapacidade temporal, calquera que sexa a súa causa, maternidade e risco durante o embarazo, así como nas situacións de cumprimento de deberes de carácter público, desempeño de cargos de representación sindical, sempre que uns e outros non dean lugar á excedencia no traballo ou ó cesamento na actividade, convenio especial, desemprego contributivo e asistencial, se é o caso, e naquelas outras en que así o estableza este regulamento, orde do 27 de outubro de 1992, pola que se dictan instrucións en relación coa cotización ó réxime xeral da Seguridade Social dos funcionarios públicos, incluídos no campo de aplicación deste réxime, durante as situacións de licencia ou permiso sen soldo, suspensión provisional de funcións, cumprimento do servizo militar ou da prestación social substitutoria e prazo posesorio para cambio de destino, e demais disposicións complementarias, co alcance nelas previsto.»

Dous. Bases de cotización no réxime especial para a minería do carbón en determinadas situacións especiais.

O número 2 do artigo 58 queda redactado da forma seguinte:

«2. Nas situacións de incapacidade temporal, maternidade e risco durante o embarazo, así como nas situacións asimiladas á de alta, nas que subsista a obriga de cotizar neste réxime especial, a base normalizada de cotización para continxencias comúns será a que corresponda, en cada momento, á categoría ou especialidade profesional que tivese o traballador na data en que se inicien as situacións de incapacidade temporal, maternidade ou risco durante o embarazo, ou se produza a situación asimilada á de alta, salvo que para a específica situación de que se trate estea fixada ou se estableza outra base de cotización diferente, conforme o disposto na sección 10.<sup>a</sup> deste capítulo, e nas disposicións que o desenvolven e complementan.

En tales situacións, a base de cotización por continxencias profesionais determinarase de acordo coas normas establecidas no réxime xeral para a situación de que se trate.»

Tres. Cotización nos supostos de contratos de traballo a tempo parcial e de relevo.

O número 3 do artigo 65 queda redactado da forma seguinte:

«3. Durante as situacións de incapacidade temporal, maternidade e risco durante o embarazo, a base diaria de cotización será o resultado de dividi-las sumas das bases de cotización acreditadas na empresa durante os tres meses inmediatamente anteriores á data do feito causante entre o número de días efectivamente traballados e, polo tanto, cotizados no dito período. Esta base aplicarase exclusivamente ós días en que o traballador estivese obrigado a prestar servizos efectivos na empresa, de non encontrarse en ningunha das situacións antes indicadas.»

Catro. Cotización durante a incapacidade temporal, maternidade e risco durante o embarazo.

O artigo 68 queda redactado da forma seguinte:

«Artigo 68. *Cotización durante as situacións de incapacidade temporal, maternidade e risco durante o embarazo.*

1. A obriga de cotizar continuará na situación de incapacidade temporal, calquera que sexa a súa causa, durante os períodos de descanso por maternidade, adopción e acollemento, así como na situación de risco durante o embarazo, aínda que constitúan motivo de suspensión dunha relación laboral.

2. O Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais ditará as regras aplicables para a determinación das bases de cotización para continxencias comúns e profesionais durante as situacións de incapacidade temporal, maternidade e risco durante o embarazo.

3. Salvo nos supostos en que, por disposición legal, se dispoña o contrario, a base de cotización para as continxencias comúns durante as situacións de incapacidade temporal, maternidade e risco durante o embarazo non poderá ser inferior á base mínima vixente en cada momento no réxime de que se trate.

4. Cando se compatibilice a percepción do subsidio por maternidade co desfrute dos períodos de descanso en réxime de xornada a tempo parcial, a base de cotización virá determinada polos dous sumandos seguintes:

a) Base reguladora do subsidio, reducida en proporción inversa á redución que experimentase a xornada laboral.

b) Remuneracións suxeitas a cotización, en proporción á xornada efectivamente realizada.

Para efectos de cotización por accidentes de traballo e enfermidades profesionais respecto dos traballadores por conta allea, aplicaranse as porcentaxes que correspondan a cada un dos sumandos anteriormente indicados.

5. Para efectos de cotización por accidentes de traballo e enfermidades profesionais respecto dos traballadores por conta allea durante a situación de incapacidade temporal, maternidade e risco durante o embarazo, os suxeitos obrigados poderán aplica-las porcentaxes correspondentes ó epígrafe 126 da tarifa de primas do Real decreto 2930/1979, do 29 de decembro, calquera que fose a categoría profesional e a actividade do traballador.

6. Durante as situacións de maternidade e de risco durante o embarazo, a entidade xestora competente, no momento de facer efectivo o subsidio que corresponda percibir ós traballadores por conta allea, procederá a deducir do seu importe a contía

a que ascenda a suma das achegas do traballador relativas ás cotizacións á Seguridade Social, desemprego e formación profesional, para o seu ingreso na Tesourería Xeral da Seguridade Social.

Nos supostos a que se refire o parágrafo anterior, o empresario virá obrigado a ingresar unicamente as achegas ó seu cargo correspondentes á cotización á Seguridade Social e polos demais conceptos de recadación conxunta que, se é o caso, procedan.

7. Cando a xestión do pagamento do subsidio por maternidade se lle encomende ó Instituto Nacional de Emprego pola entidade xestora correspondente, nos supostos en que o beneficiario se encontrase percibindo a prestación por desemprego no momento de iniciar o período de descanso por maternidade, adopción ou acollemento familiar, da contía deste subsidio deducirase o importe das cotizacións á Seguridade Social a cargo do beneficiario.»

Disposición derradeira terceira. *Modificacións no Regulamento xeral de recadación dos recursos do sistema da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto 1637/1995, do 6 de outubro.*

Un. Suxeitos obrigados ó pagamento no réxime especial de empregados de fogar.

O artigo 9.1.1.<sup>a</sup> c) 1.º queda redactado da forma seguinte:

«1.º Os empregadores ou cabezas de familia ós que os empregados de fogar presten os seus servizos, de maneira exclusiva e permanente, debendo ingresa-las achegas propias e as do empregado de fogar, na súa totalidade. Exceptúanse as cotas do mes en que o traballador pase á situación de incapacidade temporal, risco durante o embarazo ou maternidade, e as dos meses en que permaneza nas ditas situacións, nestes supostos o suxeito obrigado ó pagamento das cotas é o empregado de fogar, que debe aboalas na súa integridade a menos que, por aplicación do disposto no número 3 do artigo 46 do Real decreto 2064/1995, do 22 de decembro, polo que se aproba o Regulamento xeral sobre cotización e liquidación doutros dereitos da Seguridade Social, a obriga de ingresa-la cota do mes en que se efectúe a declaración de incapacidade temporal, risco durante o embarazo ou maternidade recaese sobre o cabeza de familia.»

Dous. Adiamento e fraccionamento no pagamento de débedas por cotas dos traballadores autónomos en situación de incapacidade temporal, risco durante o embarazo ou maternidade.

a) O número 1 do artigo 40 queda redactado da forma seguinte:

«1. Poderá adiarse ou fraccionarse o pagamento de débedas coa Seguridade Social, tanto en período voluntario como en vía executiva, logo de solicitude dos responsables do pagamento, cando a súa situación económico-financieira e demais circunstancias concorrentes, apreciadas pola Tesourería Xeral da Seguridade Social, lles impida efectuar o pagamento dos seus débitos.

Non obstante, os traballadores incluídos no campo de aplicación do réxime especial da Seguridade Social dos traballadores por conta propia ou autónomos, que se encontren en situación de incapacidade temporal, de maternidade ou de risco durante o embarazo, terán dereito ó adiamento e frac-

cionamiento do pagamento das súas débedas por cotas da Seguridade Social devengadas durante estas situacións, excluídas as do mes en que estas se inicien, sempre que, ademais de encontrarse ó día no pagamento de tales cotas na data da solicitude, acreditasen ante a Tesourería Xeral da Seguridade Social o cesamento da actividade e consecuente peche do negocio.»

b) O número 1 do artigo 42 queda redactado da forma seguinte:

«1. As solicitudes de adiamento das débedas a que se refire o artigo anterior serán tramitadas e resoltas polos órganos da Tesourería Xeral da Seguridade Social conforme a distribución de competencias que estea establecida e, no seu defecto, conforme a atribución que ó respecto acorde o director xeral da Tesourería.

As solicitudes de adiamento no pagamento de débedas por cotas dos traballadores por conta propia ou autónomos a que se refire o parágrafo segundo do número 1 do artigo 40 deste regulamento deberán estar referidas, exclusivamente, a cotas devengadas a partir da entrada en vigor deste regulamento e deberán formularse unha vez transcorrido o primeiro mes de baixa no traballo derivada da situación de incapacidade temporal, de risco durante o embarazo ou de maternidade.»

c) A alínea a) do número 3 do artigo 42 queda redactada da forma seguinte:

«a) A resolución que conceda o adiamento determinará os prazos e demais condicións deste, podendo fixalos distintos dos solicitados, pero o vencemento dos prazos concedidos deberá coincidir sempre co último día do mes.

En todo caso, nos adiamentos no pagamento de débedas por cotas dos traballadores por conta propia ou autónomos, a que se refire o parágrafo segundo do número 1 do artigo 40 deste regulamento, aquelas liquidaranse de forma proporcional e periódica no prazo máximo dun ano, a partir da data en que o traballador sexa dado de alta médica na situación de incapacidade temporal, con ou sen declaración de incapacidade permanente; ou da data de extinción da situación de risco durante o embarazo sen que se inicie o período de descanso por maternidade; ou da data de terminación do período de descanso por maternidade; ou, encontrándose nestas situacións, a partir da data de reinicio da actividade, por pasar a utiliza-lo servizo remunerado doutra persoa.

Para tales efectos, o traballador deberá comunicarlle á Tesourería Xeral da Seguridade Social a data da alta médica, da extinción das situacións de risco durante o embarazo ou maternidade ou do recomezo da actividade, dentro dos quince días seguintes a aquel en que as mesmas tivesen lugar.»

Disposición derradeira cuarta. *Modificacións no Regulamento xeral sobre inscrición de empresas e afiliación, altas, baixas e variacións de datos de traballadores na Seguridade Social, aprobado polo Real decreto 84/1996, do 26 de xaneiro.*

O primeiro parágrafo do número 2 do artigo 29 queda redactado da forma seguinte:

«2. Non obstante o establecido no número 1 anterior, os traballadores por conta allea e asimilados incluídos no campo de aplicación dos réximes do Sistema da Seguridade Social consideraranse,

de pleno dereito, en situación de alta neles, para efectos de accidentes de traballo e enfermidades profesionais e desemprego, aínda que o seu empresario incumprise as súas obrigas ó respecto. Igual norma aplicarase para os exclusivos efectos da asistencia sanitaria por enfermidade común, maternidade, risco durante o embarazo e accidente non laboral.»

Disposición derradeira quinta. *Habilitación para desenvolvemento regulamentario.*

Facúltanse os ministros de Traballo e Asuntos Sociais e de Sanidade e Consumo para dictar cantas disposicións de carácter xeral resulten necesarias para a aplicación e desenvolvemento deste real decreto.

Disposición derradeira sexta. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día primeiro do mes seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 16 de novembro de 2001.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Traballo e Asuntos Sociais,

JUAN CARLOS APARICIO PÉREZ

## MINISTERIO DA PRESIDENCIA

**21492** *CORRECCIÓN de erros do Real decreto 865/2001, do 20 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de recoñecemento do estatuto de apátrida.* («BOE» 276, do 17-11-2001.)

Advertidos erros no texto do Real decreto 865/2001, do 20 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de recoñecemento do estatuto de apátrida, publicado no «Boletín Oficial del Estado», suplemento número 12 en lingua galega, do 16 de agosto, procédese a efectuar oportunas modificacións:

Na páxina 871, preámbulo, columna dereita, parágrafo quinto, onde di: «... da singularidade da apatridia e...», debe dicir: «... da singularidade da condición de apátrida e...».

Na páxina 872, columna esquerda, disposición derradeira primeira, número 1, liña primeira, onde di: «... punto 3 do artigo 2...», debe dicir: «... artigo 3...».

Na páxina 872, columna esquerda, disposición derradeira primeira, número 2, liña primeira, onde di: «... un novo parágrafo, i...», debe dicir: «... un novo parágrafo, j...».

Na páxina 872, columna esquerda, disposición derradeira primeira, número 2, liña terceira, onde di: «(i)...», debe dicir: «(j)...».

Na páxina 872, regulamento, artigo 2, número 2, cuarta liña, onde di: «... determinantes da apatridia», debe dicir: «... determinantes do estatuto de apátrida...».

Na páxina 872, artigo 6, número 2, onde di: «... procedemento de apatridia», debe dicir: «... procedemento de recoñecemento do estatuto de apátrida...».

Na páxina 873, artigo 7, número 2, derradeira liña, onde di: «... determinación da situación de apatridia», debe dicir: «... determinación do estatuto de apátrida...».

**21717** *REAL DECRETO 1230/2001, do 8 de novembro, polo que se aproba a regulamentación técnico-sanitaria para a elaboración, circulación e venda das olivas de mesa.* («BOE» 279, do 21-11-2001.)

A regulamentación técnico-sanitaria para a elaboración, circulación e venda das olivas de mesa foi aprobada polo Real decreto 1074/1983, do 25 de marzo.

Os avances científicos e técnicos realizados desde 1983 nun sector tan dinámico e especializado, deu lugar a que a regulamentación quedase desfasada e obsoleta.

Por outra banda, a ampla gama de tipos, elaboracións, tratamentos, preparacións e presentacións aconsellan, despois da experiencia adquirida, a súa simplificación, e así mesmo o conxunto de defectos e tolerancias resulta de difícil aplicación desde o punto de vista analítico, ocasionando problemas de índole práctica, aconsellando, por iso, a modificación da regulamentación técnico-sanitaria.

Preténdese mediante esta modificación adecuar esta normativa á lexislación horizontal, no relativo ós aditivos, regulada no Real decreto 3177/1983, do 16 de novembro, polo que se aproba a regulamentación técnico-sanitaria de aditivos alimentarios e disposicións concordantes; ó mesmo tempo, actualízase a etiquetaxe para adaptala ó Real decreto 1334/1999, do 31 de xullo, polo que se aproba a norma xeral de etiquetaxe, presentación e publicidade dos produtos alimenticios, modificado polo Real decreto 238/2000, do 18 de febreiro, así como ós aspectos relativos ó contido efectivo dos produtos alimenticios envasados, traspostos á lexislación nacional polo Real decreto 723/1988, do 24 de xuño.

Así mesmo, tívose en conta o Real decreto 202/2000, do 11 de febreiro, polo que se establecen as normas relativas ós manipuladores de alimentos, o Real decreto 2207/1995, do 28 de decembro, polo que se establecen as normas de hixiene relativas ós produtos alimenticios, o Real decreto 50/1993, do 15 de xaneiro, polo que se regula o control oficial dos produtos alimenticios, así como as normas do CODEX e o Consello Oleícola Internacional, procurando cumprir cos compromisos adquiridos nesta materia.

Este real decreto dítase ó abeiro do disposto no artigo 149.1.10.<sup>a</sup>, 13.<sup>a</sup>, e 16.<sup>a</sup> da Constitución española e de acordo co establecido nos artigos 38 e 40.2 da Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade.

Esta disposición foi sometida ó procedemento de información en materia de normas e regulamentacións técnicas e regulamentos, relativos ós servizos da sociedade da información, previsto na Directiva 98/34/CEE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 22 de xuño, pola que se establece un procedemento de información en materia de normas e regulamentacións técnicas, incorporada ó ordenamento xurídico interno por Real decreto 1337/1999, do 31 de xullo.

Na súa tramitación foron consultadas as comunidades autónomas, así como os sectores afectados, emitindo o seu preceptivo informe a Comisión Interministerial para a Ordenación Alimentaria.

Na súa virtude, por proposta do vicepresidente segundo do Goberno para Asuntos Económicos e ministro de Economía, dos ministros de Agricultura, Pesca e Alimentación e de Sanidade e Consumo e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 8 de novembro de 2001,